

Banda sonora

ARMANDO REQUEIXO

armandorequeixo@hotmail.com



A MULLER SINFONÍA
CLAUDIO RODRÍGUEZ FER
17,10 euros (Formato libro)

A traxectoria literaria de Claudio Rodríguez Fer é unha das máis intensas e extensas das últimas décadas en Galicia. Máis de medio cento de obras confirman como un dos estudosos e creadores de máis relevo, con obras que son referenciais tanto no eido da poesía coma no ámbito do ensaio, tendo tamén publicado teatro e narrativa.

De todo este inxente labor, talvez sexa a súa dedicación á poesía a que mellor o define, pois son xa corenta os anos de escrita, tempo longo no que viron luz volumes de verso erótico, triloxías de memoria antifascista, títulos de poesía visual e cinematográfica e incluso outros de xorne viaxeiro e cosmopolita.

A todos os anteriores súmase agora *A muller sinfonía*, subtítulo 'Cancioneiro vital', poemario no que se conxugan os amores e clamores, o erótico e a memoria civil co elemento musical, auténtica trabe mestra desta obra.

A música, as músicas son a cerna das case dúscenas páxinas do libro, dividido en catro amplas seccións ('Cantos rodados', 'Ortos sen oca-

so', 'Viaxes ao paraíso' e 'Materia de mañá') delimitadas por un prefacio e un posfacio.

Un conxunto, cómpre dicilo xa, que amosa nidias e abondosas referencias intertextuais, que conectan a obra con outros títulos anteriores do autor.

O eclecticismo das propostas sonoras a partir das que aquí se poetiza é evidente. A multiplicidade de nomes e estilos explica que por estes versos desfilen Ferré e Cohen, Vysotski e Brassens, Theodorakis e Yupanqui, Vinícius e Stivell, Dylan ou os Rolling, pero tamén Makeba, Mercouri, Parra, Kalsoum, Simone, Baez, Joplin, Smith, Hagen, Nyman, Brown, Gardel, Led Zeppelin ou Brel.

Por tanto, variedade de estilos e de rexistros, de voces e de acordes, espello sempre tanto dos vastos coñecementos musicais do poeta como das súas adhesións harmónicas, pois este *A muller sinfonía* é, en moitos sentidos, a banda sonora do propio decorrer vital e literario de Rodríguez Fer.

O jazz, a música étnica en xeral e celta en particular, o blues, o pop e o folk, o rock e o heavy e todo tipo de ritmos latinos van permeando polas estrofas, creando ritmos e sonorida-

des, entrelazando cadencias e sintagmas, notas e figuras retóricas para compor un vigoroso mosaico que ten como fondo toda a música da contemporaneidade.

Dende a cita coa que se inicia o libro ('A quen mellora o mundo con música vital') ata o distico de remate ('Baila comigo, amor/ ata a fin do amor') un danzar dervixe de vida e experiencia ecoa en concerto, inzándoo todo de melodías e cánticos, polifonía versal que fai do libro un proxio de solfexo poético.

Este recital sen fin ten a súa plasmación material nas cubertas deseñadas por Ideiagráfica para esta edición, que reproducen dous discos estampados nas tapas, imitantes dos vinilos ata o punto de que sobre deles tamén figuran impresos títulos de poemas tal se o fosen de singles do propio disco, pechando así un círculo de fondo e forma que fai deste libro un poemario tan musical coma integral.

Melómanos e letraferidos están de noraboa. Teñen no presente *A muller sinfonía* o libreto versal do mellor concerto poético. Un agasallo para regalar e regalarse. O tema do verán e de todo verán, literatura de altura ao mellor compás.



Claudio Rodríguez Fer